

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O DOCUMENTO DE ALCANCE DO ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA O ASENTAMENTO INDUSTRIAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA)

Promotor: ENCE Energía y Celulosa, S.A.

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais - Vicepresidencia Segunda e Consellería De Economía, Empresa E Innovación

Expediente: 2021AAE2624

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

### ANTECEDENTES

- 1 O Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán-Pontevedra (en diante PSIS) promovido polo Grupo Empresarial ENCE S.A. (actualmente ENCE Energía y Celulosa S.A) foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 26.12.2003 (DOG núm. 7, do 13.01.2004), tras ser sometido ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
- 2 O 11.11.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Subdirección Xeral de Enerxía no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da "Modificación núm. 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)". Achegaba un documento inicial estratéxico (DIE) e un borrador.
- 3 O 15.11.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formularan as observacións e suxestións que consideraran oportunas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 A LOT establece no seu artigo 22.1.e) que as modificacións dos proxectos de interese autonómico poderán someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria cando así o determine o órgano ambiental por solicitude da persoa promotora. As referencias e as remisións da lexislación aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal poderán considerarse realizadas aos proxectos de interese autonómico (disposición transitoria 3ª da LOT).
- 3 A LOT recolle tamén (artigo 54.2) que antes de emitir o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse nun prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.5 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. Características da modificación do PSIS

**Ámbito de actuación:** asentamento industrial de Ence en Lourizán, parroquia do municipio de Pontevedra situada na marxe sur da ría de Pontevedra. O ámbito abrangue unha superficie dunhas 37,3 ha na que se atopan as instalacións da fábrica destinada á produción de pasta de celulosa libre de cloro (TFC) a partir de madeira de eucalipto.

**Obxecto:** segundo o indicado no borrador (aptdo. 1.2.1), a modificación responde á necesidade de incorporar ao PSIS vixente algunhas das actuacións que derivan dos compromisos esixidos pola prórroga da concesión<sup>1</sup> de ocupación do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) concedida no ano 2016 pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar así como os contidos no Pacto ambiental suscrito o 28.06.2016 por ENCE coa anterior Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**Proposta:** no borrador propónse incorporar ao PSIS vixente as determinacións necesarias para o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- *Actuación A: Aumento da eficiencia no combustible.* Consiste na realización dun secadoiro de biomasa co obxectivo de reducir ao máximo o grado de humidade da biomasa que serve de combustible á actual caldeira de biomasa. O aire de secado precalentarase co efluente do branqueo (cuxa temperatura é de 67,39 °) mediante baterías de intercambio.
- *Actuación B: Instalación de gas natural para fornos e outras instalacións.* Consiste na instalación dunha estación de regulación e medida (ERM) para abastecer con gas natural os fornos de cal, en substitución do fuelóleo, prevendo a súa futura conexión coa rede de distribución de gas canalizado a 16 bar.
- *Actuación C: Mellora ambiental e da eficiencia.* Conxunto de actuacións que afectan a case todas as áreas da instalación fabril (parque de madeiras, proceso de fabricación de pasta de celulosa, caldeira de biomasa, caldeira de recuperación, fornos de cal, ciclo da agua, control das emisións atmosféricas e redución de impactos) coas que se pretende mellorar a súa eficiencia e comportamento ambiental. A principal actuación deste grupo é a implantación dunha nova caldeira de recuperación<sup>2</sup> para a valorización do licor negro e turbina de alta eficiencia (NRC-01), posto que as actuais xa están no final da súa vida útil.

Indícase no borrador que a descrición detallada das características técnicas das instalacións previstas recolleranse no documento para aprobación inicial que se elabore na seguinte fase da tramitación como anexos específicos para cada unha delas, agás que sexan actuacións de optimización de procesos industriais existentes que non afecten aos volumes edificados existentes nin aos espazos sobre os que se localizan os procesos industriais.

<sup>1</sup> O prazo da concesión quedaba vinculado á execución das obras relacionadas nos compromisos 1 a 8 do documento "Programa de actuacións en materia de eficiencia energética, ahorro de agua y calidad ambiental en la planta de ENCE, Pontevedra", de xullo 2015.

<sup>2</sup> Caldeira na que se queima o licor negro para conseguir recuperar produtos inorgánicos e producir vapor de auga mais enerxía eléctrica, todos eles necesarios para o proceso de fabricación da pasta de papel (no caso haber excedentes de enerxía eléctrica, introduciríase na rede de distribución).






O borrador contempla tamén outra actuación que deriva do anteproxecto do novo emisario submarino da depuradora de Pontevedra-Marín<sup>3</sup> (EDAR de Praceres) e debe incorporarse ao PSIS en cumprimento da normativa sectorial de aplicación:

- *Actuación D:* Implantación da cámara de carga e bombeo asociados ao novo emisario submarino da EDAR de Praceres. Afecta a unha pequena superficie do ámbito con ordenanza 02 *Equipamentos e Servizos*, que debe ser cualificada como Ordenanza 06 *Infraestruturas de Servizos*.

A incorporación no PSIS vixente das catro actuacións propostas require modificar a súa normativa nos apartados que afectan á Ordenanza 1, para regular as envolventes e a ordenación de volumes das instalacións previstas, e o plano nº II.3 "Instalacións industriais actuais e futuras", mantendo o resto do PSIS inalterado.



Actuacións previstas no borrador (imaxe 6.1.1 da Memoria xustificativa)

### Alternativas contempladas:

No documento inicial estratéxico fórmulanse tres alternativas: a alternativa cero ou de non actuación e as alternativas 1 e 2, que difiren na configuración das instalacións asociadas á nova caldeira de recuperación para favorecer a súa integración na paisaxe, xa que o emprazamento das outras instalacións previstas veñen impostas pola normativa de seguridade ou polos lugares prefixados na planificación vixente. Os principais elementos voluminosos que constitúen a caldeira de recuperación son a propia caldeira, a torre de refrixeración, a turbina e a cheminea.

Así, a alternativa 1 sitúa os elementos de maior altura e volume no centro do actual complexo mentres que a alternativa 2 os sitúa no seu perímetro interior. Considérase que a alternativa 2 suporía unha mellora dende un punto de vista funcional pero empeoraría a integración paisaxística. A alternativa 1 é a opción seleccionada ao entender que produce un menor impacto visual e favorece a integración paisaxística do conxunto.

<sup>3</sup> Aprobado polo Consello da Xunta o 26.07.2019.





## 2. Características ambientais da área probablemente afectada

O asentamento industrial de Lourizán sitúase na fronte costeira da ría de Pontevedra, entre a cidade de Pontevedra (ao nordeste) e Marín (ao suroeste), en terreos pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre.

Na actualidade a área amosa unha paisaxe fortemente antropizada e caracterizada por unha fronte costeira moi transformada pola actividade industrial e as vías de comunicación.

A área de actuación atópase incluída no ámbito do Plan de ordenación litoral (POL), dentro da área continua de mellora ambiental e paisaxística e sen incidencia doutras áreas discontinuas de corredores ecolóxicos ou espazos de interese, mentres que na cartografía de usos e elementos para a valoración consta como solo artificializado.

Na ficha da unidade de paisaxe 06\_04\_351 (Lourizán) do POL identificouse un ámbito de recualificación co obxectivo de restaurar e recuperar a zona unha vez trasladadas as instalacións de ENCE; na súa disposición adicional terceira recolleu determinacións para elo. En todo caso, cómpre subliñar o indicado na disposición transitoria 2ª da normativa do POL, onde determina que os proxectos sectoriais vixentes á súa entrada en vigor, como é o caso do que se está a modificar, manterán a súa vixencia sen necesidade de adaptarse a este.

O asentamento fabril conta con instalacións de gran volume que resultan visibles desde diferentes puntos da rede viaria e dende a outra marxe da ría (enseada e areal de Lourido) no concello de Poio. O núcleo de Praceres, ao suroeste do complexo, foi identificado no POL como núcleo de identidade litoral.

Na contorna das instalacións localízanse varias entidades de poboación (A Igrexa, Lourizán-Nogueiras e Os Praceres) que están separadas da zona industrial pola liña ferroviaria de acceso ao porto de Marín e a estrada da rede primaria básica PO-546. O acceso principal ao recinto realízase polo leste a partir da dita estrada. Ademais, o ámbito limita coa estrada PO-11 que transcorre paralela á fronte costeira.

O ámbito non coincide con ningún espazo natural protexido, sendo os máis próximos a zona de especial protección para as aves (ZEPA) en augas mariñas denominada "Espazo mariño das Rías Baixas de Galicia" e a zona especial de conservación (ZEC) "Cabo Udra" da Rede Natura, ambos situados a máis de 12 km do ámbito do PSIS.

Atravesan o asentamento industrial pequenos cursos fluviais estacionais que na actualidade están canalizados ata a súa desembocadura no mar. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa identifica na súa demarcación como zona sensible a ría de Pontevedra, como zonas de baño as praias da contorna e como zona de protección de moluscos bivalvos o Banco de Praceres.

O ámbito está afectado pola contorna de protección de varios elementos do patrimonio cultural situados nas proximidades. Así, parte das intervencións incluídas na actuación C atópanse na contorna de protección da Necrópole da Igrexa de Santo André de Lourizán -na que se inclúe a caldeira de recuperación- e do Xacemento de Sartán, e unha pequena superficie da actuación D coincidiría co contorno do Gravado rupestre de Praceres, ben de interese cultural por aplicación do Decreto 20.12.1974.

Segundo o documento inicial estratéxico, o abastecemento de auga ás instalacións de ENCE procede dunha captación no río Lérez en virtude de dúas concesións outorgadas e conta cunha estación depuradora para tratamento das augas residuais (EDARI) con vertido á ría de Pontevedra a través dun emisario submarino que na actualidade comparte coa EDAR de Praceres, a cal dá servizo a varios concellos e localízase no ámbito do PSIS. Non se dispón de rede separativa e as augas fecais son recollidas en fosas sépticas estancas. Existen diferentes balsas de regulación para as augas de proceso, ademais dunha de emerxencia e tres balsas para recollida das augas pluviais previo tratamento na depuradora.







Principais afecções ambientais

### 3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste documento de alcance:

	Resposta	Sen resposta
Servizo Provincial de Costas - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	x	
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda		x
Instituto de Estudos do Territorio - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda		x
Augas de Galicia - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade		x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Universidade	x	
Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	x	
Servizo de Sanidade Ambiental - Consellería de Sanidade		x
Servizo de Administración Industrial da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Empresa e Innovación	x	
Concello de Pontevedra	x	
Concello de Marín	x	
Asociación pola Defensa da Ría	x	
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)		x

Asemade, o borrador do plan mais o documento inicial estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse comentarios de dous departamentos da Universidade de Vigo: Cátedra UNESCO en Desenvolvemento Litoral Sostible (Facultade de Ciencias do Mar) e Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.





O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

#### Dirección Xeral da Costa e o Mar - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Sinala que a Modificación non ten en conta as sentenzas da Audiencia Nacional (dúas do 15.07.2021 e unha do 21.09.2021) que anulan a Resolución da Directora Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do 20.01.2016 (obxecto da Modificación proposta), declarando que non procede a prórroga da concesión outorgada á instalación. Polo tanto considera que a Modificación do PSIS refírese a unha resolución administrativa que outorgou título de ocupación a unha instalación en dominio público marítimo-terrestre que a día de hoxe se atopa xudicialmente anulada.

#### Servizo de Administración Industrial de Pontevedra

Informan de que o promotor está suxeito ao Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes nos que interveñan substancias perigosas e que está sometido aos controis periódicos desta norma.

#### Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación - Consellería

Sinala que o promotor é titular da autorización ambiental integrada (2006/0286\_NAA/IPPC\_162) para a planta de fabricación de pasta de papel. Considera que as actuacións propostas recollidas no borrador que afectan ao funcionamento da instalación (excluídas as relacionadas coa integración paisaxística, que exceden das funcións deste servizo) son *a priori* compatibles con modificacións da autorización ambiental integrada, que deberán tramitarse nunha fase posterior.

#### Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Informa de que as actuacións propostas C e D localizaríanse dentro dos contornos de protección do patrimonio cultural existente no ámbito, porén, o documento inicial estratéxico establece que non se xerarán efectos xa que as instalacións previstas se localizarán sobre o solo xa antropizado do complexo industrial de ENCE. No entanto, indica que na seguinte fase da tramitación cando se concreten as características das citadas actuacións, no caso de que o solo comprendido nos contornos de protección dos bens culturais identificados se vise afectado, incluso por movementos de terras, a modificación deberá someterse a informe desta dirección xeral (art. 34 LPCG).

#### Concello de Pontevedra

Manifesta que as actuacións propostas terán efectos moi negativos sobre o ambiente, ao considerar que supoñen un incremento da ocupación total e incremento da edificabilidade, non se xustifica a idoneidade do emprazamento, a altura e volume dalgunha das instalacións previstas supoñen un gran impacto visual e non se integran nunha contorna na que se atopan elementos patrimoniais (conxunto parroquial de Santo Andrés de Lourizán, finca e Pazo de Lourizán), visible desde os areais e núcleos do concello de Poio. Considera tamén que non se teñen en conta os posibles efectos sobre a saúde humana ligados á presenza de contaminantes nas augas subterráneas. Prognostica un incremento dos efectos negativos en materia de emisións e vertidos sobre a poboación da contorna. Manifesta que existen numerosas carencias documentais, entre outras sinala a falta de axuste da realidade física do complexo actual ás determinacións do PSIS e á documentación achegada para a súa modificación. Indica que falta información sobre os caudais da auga subministrada na actualidade e a prevista, a caracterización e caudais previstos do efluente de vertido, as medidas de mellora da eficiencia na xestión da auga, e cuestiona a falta da previsión dunha rede separativa e a existencia de fosas sépticas cando existe rede de saneamento na





contorna. Respecto ao ruído, non se concretan as medidas de protección nin se analiza a afección sobre os núcleos da contorna. Falta unha análise do risco de inundación e da incidencia no cambio climático.

Así mesmo, amosa o seu rexeitamento ao inicio do trámite de AAE ao considerar unicamente válida a alternativa cero, tendo en conta a anulación pola Audiencia Nacional da Resolución pola que se outorga a prórroga de ocupación do DPMT a ENCE, así como outras cuestións relacionadas coa falta de aliñación coas DOT, o POL e a normativa de costas.

#### Concello de Marín

Considera que o proxecto causa un importante impacto visual dada a súa situación e que non está suficientemente xustificado no documento inicial estratéxico. Entre outras cuestións, indica que non contabiliza a superficie ocupada e prevista, nin valora os efectos sobre os montes da contorna, nin cuantifica o volume de tráfico pesado actual e futuro, nin xustifica a adaptación ás Directrices de paisaxe de Galicia, nin considera a inclusión da ría de Pontevedra como zona sensible segundo a Directiva 91/271/CEE.

#### Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR)

Incide en que a documentación non reflicte a situación actual do ámbito ao obviar as sentenzas da Audiencia Nacional que anulan a prórroga de 60 anos concedida no ano 2016, que, en canto adquiren firmeza, implican o desmantelamento das instalacións existentes en Lourizán. Solicita retirar o plan ou modificar a documentación da modificación e que se tramite separadamente a actuación que deriva do anteproxecto de novo emisario submarino da EDAR de Praceres.

#### Universidade de Vigo:

- *Cátedra UNESCO*. Solicita que se preste atención en todas as consideracións ambientais ao carácter acumulativo e sinérxico dos efectos ambientais previsibles, especialmente nos impactos paisaxísticos, e que se proceda ao estrito cumprimento das determinacións establecidas polos plans de rango superior ou cos que este proxecto interactúa.
- Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio. Solicita ser considerado público interesado na tramitación do expediente.

### **4. Consideracións para favorecer a integración ambiental do plan**

O principal obxectivo do proceso de avaliación ambiental estratéxica é que o plan que finalmente se formule garanta unha axeitada integración dos aspectos ambientais, para contribuír a un desenvolvemento sustentable. Atendendo á documentación achegada (borrador e documento inicial estratéxico) e ás observacións recibidas durante a fase de consultas previas, sen prexuízo das medidas que deriven da modificación da autorización ambiental integrada que corresponde tramitar, fanse as seguintes consideracións:

A maioría das actuacións contempladas no borrador céntranse na mellora ambiental e da eficiencia das instalacións industriais existentes. Sendo así, e a falta dunha descrición detallada das características técnicas das instalacións previstas -que se especificarán na seguinte fase da tramitación-, en xeral agárdase que os efectos ambientais producidos sexan positivos.

Mención aparte merece a actuación D (asociada ao novo emisario submarino da EDAR de Praceres), xa que debe incorporarse ao PSIS en cumprimento da normativa vixente. Esta actuación constitúe unha das intervencións que se están levando a cabo para mellorar o saneamento e depuración no sistema de Pontevedra, as cales foron declaradas de interese da comunidade autónoma no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.





A continuación fanse algunhas consideracións organizadas por variables ambientais.

### **Ocupación do solo**

As actuacións propostas non implican un incremento da ocupación de solo en estado natural, posto que se desenvolverán nunha parcela que na actualidade é de natureza urbana e ten un uso industrial. Así pois, dende o punto de vista da avaliación ambiental estratéxica non se agardan efectos significativos sobre esta variable.

### **Paisaxe**

Pese a que non se concretan nesta fase da tramitación as características técnicas das novas instalacións propostas, recoñécese no borrador e no DIE que o volume e altura dalgúns elementos asociados á nova caldeira de recuperación poderán incrementar o impacto actual do complexo industrial na paisaxe. Non obstante, esta incidencia poderíase minimizar coa adopción das oportunas medidas preventivas e correctoras.

Neste sentido, as medidas que recolle o borrador (situar os elementos de maior altura e volume asociados á caldeira de recuperación no centro do complexo industrial, empregar na medida do posible solucións modulares e acabados similares nas fachadas e cubertas dos volumes previstos,...) considéranse adecuadas para mitigar a incidencia visual na contorna.

A documentación achegada contén unha análise da cunca visual de percepción do ámbito sobre o que se localizará a nova caldeira de recuperación e prevé incorporar no documento que se redacte na seguinte fase de tramitación un estudo de impacto e integración paisaxística. Recoméndase elaborar este estudo para o conxunto do complexo industrial, analizando tamén a imaxe que ofrecen cara o exterior as zonas verdes e os edificios situados no seu perímetro así como o conxunto en xeral.

Atendendo ao resultado do dito estudo de impacto e integración paisaxística, valorarase a oportunidade de establecer medidas complementarias para favorecer a integración paisaxística das actuacións previstas. Ademais, a modificación do PSIS deberá adaptarse ás *Directrices da paisaxe de Galicia* (disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

### **Ciclo hídrico**

Segundo o indicado no DIE (apartado 9.5), a curto prazo a planta necesitará unha cantidade de auga similar á actual mentres que a medio prazo é previsible un incremento no consumo (aclárase que este non alcanzará en ningún caso o caudal que actualmente ten concedido a empresa); en canto á depuración de augas, indícase que é probable que se incremente lixeiramente a carga contaminante das augas de vertedura, de forma que se valora o efecto como negativo, significativo, a medio prazo e permanente.

Debe garantirse o abastecemento de auga, o saneamento das augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica. Entre outras cuestión, deberase xustificar a existencia de recursos hídricos suficientes para atender as novas demandas que poden derivar das actuacións propostas así como tamén que os caudais de augas residuais xeradas serán conducidos a elementos ou instalacións de depuración que garantan que os efluentes cumpran os límites ambientais establecidos legalmente.

Promoverase a adopción de medidas encamiñadas á xestión eficiente dos recursos hídricos, como poden ser a instalación de redes separativas, a reutilización de augas residuais tratadas ou a implantación de mecanismos de aforro do recurso.







## Patrimonio cultural

Os instrumentos de ordenación territorial deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos ámbitos de interese patrimonial (det. 9.5 das DOT).

Tendo en conta que as actuacións propostas atópanse dentro dos contornos de protección de varios elementos do patrimonio cultural situados na contorna do complexo industrial existente, deberán analizarse en detalle as características das actuacións propostas, a súa posible incidencia no medio, establecendo, de ser preciso, as medidas oportunas para evitar a súa afección.

## Riscos

No DIE identifícase como posible risco o almacenamento, uso e produción de produtos de carácter perigoso e sinala que a instalación conta cun plan de emerxencia interior. Porén, cómpre analizar tamén os riscos que poden derivar das actuacións propostas na modificación do PSIS (por exemplo, o almacenamento de gas natural licuado para abastecemento dos fornos de cal) e establecer medidas adecuadas para evitar afeccións á seguridade e saúde da poboación e ao medio.

## Atmosfera e cambio climático

O complexo industrial conta con varios focos de emisións á atmosfera e o promotor recoñece (páx.144 do DIE) que o balance a nivel de emisións con respecto á situación actual resulta difícil de cuantificar. En todo caso, as emisións da instalación industrial están suxeitas ao seguimento ambiental que deriva da preceptiva autorización ambiental integrada.

Cómpre destacar que co desenvolvemento dalgunhas actuacións propostas na modificación do PSIS (aumento da eficiencia enerxética da caldeira de biomasa actual coa implantación dun secadeiro de biomasa, substitución de fuelóleo por gas natural nos procesos,...) contribuírase a reducir as emisións á atmosfera e os efectos sobre o cambio climático das instalacións con respecto á situación actual, malia que esta redución verase en parte compensada polas emisións que xerará o incremento do tráfico previsto e o funcionamento da nova caldeira de recuperación.

No estudo ambiental estratéxico deberán analizarse os efectos da proposta sobre a atmosfera e o cambio climático con respecto á situación actual, xustificando as medidas adoptadas de mitigación e adaptación.

A Lei 21/2013 de avaliación ambiental esixe ter en consideración o cambio climático na avaliación ambiental. Sendo así, no estudo ambiental estratéxico deberán analizarse os efectos da proposta sobre a atmosfera e o cambio climático con respecto á situación actual, xustificando as medidas adoptadas de mitigación e de adaptación.

## Mobilidade

A pesar de que non se prevé un incremento significativo das necesidades de mobilidade (30 camións/día), deberá analizarse a súa incidencia na contorna, tendo en conta que o complexo está situado nunha área moi poboada, rodeada de grandes infraestruturas que soportan importantes niveis de tráfico e que se prevé un incremento da produción industrial. Xustificarase a adopción de medidas que contribúan á redución das necesidades de mobilidade e contribúan a unha maior eficiencia dos desprazamentos.





#### 4. Contido, amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico

O estudo ambiental estratéxico (EsAE) é, en esencia, o resultado dos traballos de identificación, descrición e avaliación dos posibles efectos significativos no medio como consecuencia do desenvolvemento do plan e, no seu caso, identificar alternativas razoables aos mesmos que sexan técnica e ambientalmente viables.

Este documento deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo/s seu/s autor/es, especificando a súa titulación (artigo 16 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental). Asemade, tanto o documento de planeamento como o EsAE deberán adecuar o seu contido ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, conforme co previsto na disposición adicional sexta da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia.

Atendendo ao contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, sen prexuízo de que o promotor incorpore outras cuestións que considere relevantes, o EsAE deberá conter:

- Un esbozo do contido, obxectivos principais da modificación e relacións con outros plans e programas pertinentes (polo menos coas DOT e o POL);
- Os aspectos relevantes da situación actual do ambiente e a súa probable evolución en caso de non se realizar a modificación do PSIS;
- As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do planeamento;
- Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para a modificación;
- Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan ou programa e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto ambiental se tiveron en conta durante a súa elaboración;
- Os probables efectos significativos no medio ambiente, incluídos aspectos como a ocupación do territorio, a paisaxe, a mobilidade, o patrimonio natural, o patrimonio cultural, o ciclo hídrico, a enerxía, o ciclo de materiais, os riscos naturais e antrópicos, a súa incidencia no cambio climático –en particular, unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada ao plan ou programa–, e a interrelación entre estes factores. Estes efectos deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos;
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no ambiente da aplicación do plan ou programa, incluíndo aquelas par mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a el;
- Un resumo dos motivos da selección das alternativas consideradas e unha descrición da maneira en que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que se poidan ter encontrado para reunir a información requirida;
- Un programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento;
- Un resumo de carácter non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes;
- Cartografía: non será necesario incluír no EsAE planos temáticos que deban formar parte do propio documento de planeamento segundo o establecido na lexislación vixente en materia de ordenación do territorio.





## 5. Versión inicial do instrumento de ordenación do territorio

Segundo o disposto no artigo 54.4 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, a consellería tramitadora da modificación puntual do PSIS procederá a súa aprobación inicial e a someterá a información pública durante un prazo de dous meses. A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Simultaneamente ao trámite de información pública, deberá consultarse ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Sen prexuízo dos demais informes sectoriais que resulten preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, solicitarase informe a:

### *Administracións afectadas:*

1. Administración xeral do Estado:
  - Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
    - Dirección Xeral da Costa e o Mar (antes da aprobación inicial do plan)
2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
  - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
    - Instituto de Estudos do Territorio
  - Consellería de Cultura, Educación e Universidade
    - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
  - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
    - Augas de Galicia
3. Administración local:
  - Concellos de Pontevedra e Marín

### *Público interesado:*

- Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra
- Universidade de Vigo:
  - Cátedra UNESCO en Desenvolvemento Litoral Sostible
  - Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio

## 6. Proposta final do instrumento de ordenación do territorio

Tomando en consideración os resultados dos trámites de información pública, consultas e audiencia, introducíranse as modificacións ou correccións que procedan no instrumento tramitado, e, se é o caso, no estudo ambiental estratéxico e elaborárase a proposta final da modificación puntual (art. 54.5 da LOT). A documentación deberá estar adaptada ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (disposición adicional sexta da LOT).

Feito isto, remitirase ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo para que formule a declaración ambiental estratéxica (art. 54.6 da LOT e art 24.1 da Lei 21/2013). Este expediente deberá conter:

- Proposta final da modificación puntual do PSIS e o estudo ambiental estratéxico.
- Informe de participación pública e consultas no que se describa o procedemento seguido, a relación de Administracións públicas consultadas e persoas interesadas, as datas de solicitude e resposta, así como dos medios empregados para a súa difusión. Conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes





recibidos, xustificando como foron tomados en consideración e se integraron na proposta. Ademais, xuntárase copia dos informes recibidos, incluíndo copia daquelas alegacións que presenten temática ambiental.

- Documento resumo no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

-----  
De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Formular o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico da “Modificación núm. 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)”, en cumprimento do establecido no artigo 54.2 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Esta resolución poñerase a disposición do público no portal desta Consellería (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) e será remitida ao promotor mais ao órgano substantivo do planeamento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

